



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE ONCE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS
(ACTA NÚMERO 05)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Gloria Baamonde Tomé

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **once de febreiro de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste como Interventora D^a. Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

Non asiste a Sra. Deputada D^a. Mónica Freire Rancaño.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA CATRO DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día catro de febreiro de dous mil vinte e dous que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO E EVOLUTIVOS DAS LICENZAS DE USO DO SISTEMA DE *BACKOFFICE* PARA A XESTIÓN DO CONTROL HORARIO (WCRONOS) DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do mantemento e evolutivos das licenzas de uso do sistema de *backoffice* para a xestión do control horario (Wcronos) da Deputación de Lugo, consta no mesmo:

Orden de inicio de expediente e Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7C42Y3NI62XOPKQZ5DE4JXK4.

Prego de prescricións técnicas, asinado polo Xefe de RR.HH., CSV: IV7C42XOFE4T3XO32BQUKASSNY.

Informe emitido polo Servizo de Comunicación e TICs –Sección Novas Tecnoloxías, con CSV: IV7CQGH3LX6JDZOZU44ME7BGI.



Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7CTX7JPZEN7GR2SJVGGQLGNY.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7C46PYDMP5T6NY5QHWM43DEY.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral Adxunta, con CSV: IV7C46P6OEX732UMQBPU652G44.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7C47CCJH4MXNOTAZXGKYRG4E.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación do mantemento e evolutivos das licenzas de uso do sistema de *backoffice* para a xestión do control horario (Wcronos) da Deputación de Lugo.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de adxudicación e de negociación, considerando a adecuación dos criterios e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade- prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público. Incorporárase á contratación o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación de condicións especiais de execución e esixencia de cumprimento da normativa laboral.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento negociado sen publicidade con varios criterios de negociación, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a) 2, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, e con aplicación dos criterios que se detallan no PCAP para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP (sobre aspectos han de ser obxecto de negociación). E, de conformidade co previsto na normativa, dispoñer a apertura do mesmo, mediante convite a Abaco C.E.

Informáticos S.L, a través das direccións habilitadas na Plataforma de Contratos do Estado (www.contrataciondelestado.es), facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse convite aos licitadores.

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 6.899,47 € (IVE engadido, correspondendo a partida do IVE a 1.197,43 €) de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP. O prezo total financíase con cargo a aplicación orzamentaria 9200.216 (Administración Xeral, Reparacións, mantemento e conservación de equipos procesos de información) de acordo as seguintes anualidades:

Ano 2022: 4.887,12 RC: 22022/645

Ano 2023: 2.012,35 RC:220229/8

Que dito gasto deberá aplicarse ás aplicacións orzamentarias dos orzamentos do 2022 e 2023 quedando supeditado á dispoñibilidade orzamentaria ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e o compromiso de incluír no orzamento da anualidade 2023 un importe de 2.012,35 euros.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA PRESTACIÓN DE SERVICIOS VETERINARIOS NA GRANXA PROVINCIAL GAYOSO CASTRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO. LOTE 2 E LOTE 3.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 1 de febreiro de 2022, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:



Proposta de inicio de expediente e memoria xustificativa, con CSV: IV7F5SLZ2FUC3LFJ4MGH65CRP4¹.

Prego de prescricións técnicas, asinado pola Directora da Granxa Gayoso Castro, CSV: IV7F5SISLYW6ZROOBXQHA4CPKM.

Informe de Intervención relativo a gasto anticipado, con CSV: IV7F6XTLNN7SVKF7XVMUGUHAEU.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7F6CJOFNR3TH5KSBOWP72A4I.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7F6CI6NQ7MRCPT4EQA4BKCIE.

Informe de Intervención, con CSV: IV7F6CP5IEN3RXNOVR5QEFZCEU.

Proposta de Presidencia, con CSV IV7F6AH6HMNYV6WT6RUH4BKCMQ.

Acordo da Xunta de Goberno de data 29 de outubro de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7F7TLJ3U6P6RGYURHDMFBT7Y.

Acta da Mesa de Contratación do día 23 de novembro de 2021, con CSV IV7F2LTCGD4NIT6D4UGHEB2UGU, que acordou o seguinte:

(...) “Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres A dos licitadores concorrentes a esta licitación, que segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público son os seguintes:

Lote 1 - Servizo veterinario clínico con servizo de urxencias 24 horas.

Jesús Muínelo González.

Ser. Vet. Meilan SLP.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Lote 2 - Servizo veterinario especializado en podoloxía para o desenvolvemento do programa de prevención de coxeiras e problemas podais.

Diego Villasante Armas.

Lote 3 - Servizo veterinario especializado en reprodución e mellora xenética, para o desenvolvemento do control reprodutivo e o programa de mellora xenética.

Xénese E.T.E. Veterinarios S.L.

Dada conta ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado este, e considerando que todas as empresas concorrentes presentaron dentro do prazo concedido a tales efectos as súas propostas, a Mesa de Contratación acorda admitir as ofertas presentadas por todos os licitadores, procedendo acto seguido á cualificación dos sobres electrónicos A, cos seguintes resultados:

No Anexo I, presentado polo licitador Diego Villasante Armas para o Lote 2, non está cumprimentado o apartado 16 (ter previsto ou non recorrer á capacidade doutras entidades). A Mesa de Contratación acorda considerar que o licitador non ten previsto neste momento recorrer á capacidade doutras entidades.

Polo tanto, a Mesa de Contratación considera que os Anexos I presentados polos licitadores axústanse aos requisitos recollidos no PCAP.

A Mesa de Contratación acorda admitir as propostas ao proceso de adxudicación e proceder á apertura do sobre B (sobre electrónico), relativo aos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, recollidos no PCAP, resultando que todos os licitadores presentan a memoria técnica.

A Mesa acorda enviar a documentación contida nos sobres B presentados polos licitadores a informe e valoración da Granxa Gayoso Castro.”

Acta da Mesa de Contratación do día 2 de decembro de 2021, con CSV IV7FEGTYJIZYVG4PYP4RI5IX6A, que acordou o seguinte:

“Pola Presidencia dáse conta que, pola Directora da Granxa Gayoso Castro emitíuse informe de valoración dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, con CSV IV7F3WQMYH43X2RDUPXAERB74Q, que conclúe:



Visto o sinalado anteriormente, propónse a seguinte asignación de puntuación nos criterios de adjudicación avaliados mediante xuízo de valor ás licitadoras vinculadas co expediente de contratación 2021/CON_02/000045, correspondente á Contratación da prestación de servizos veterinarios na Granxa Provincial Gayoso Castro da Deputación Provincial de Lugo:

Lote 1. Servizo veterinario clínico con servizo de urxencias 24 horas.

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR (25 puntos)		JESÚS MUINELO GONZÁLEZ	SER. VET. MEILAN SLP
CUALITATIVO.CRITERIONº 4. DETALLE DO PROGRAMA SANITARIO PROPOSTO. (10 puntos)	Descrición de estratexias (5puntos)	3 puntos	2 puntos
	Descrición de principios (5 puntos)	4 puntos	2 puntos
CUALITATIVO.CRITERIONº 5. DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO. (15 puntos)	Descrición detallada das actividades (10 puntos)	5 puntos	6 puntos
	Calidade do servizo (5 puntos)	3 puntos	4 puntos
TOTAL CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR		15 puntos	14 puntos

Lote 2. Servizo veterinario especializado en podoloxía, para o desenvolvemento do programa de prevención de coxeiras e problemas podais.

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR (25 puntos)		DIEGO VILLASANTE ARMAS
CUALITATIVO.CRITERIONº 4. DETALLE DO PROGRAMA SANITARIO PROPOSTO. (10 puntos)	Descrición de estratexias (5puntos)	3 puntos
	Descrición de principios (5 puntos)	3 puntos
CUALITATIVO.CRITERIONº 5. DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO.(15 puntos)	Descrición detallada das actividades (10 puntos)	5 puntos
	Calidade do servizo (5 puntos)	4 puntos
TOTAL CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR		15 puntos

Lote 3. Servizo veterinario especializado en reprodución e mellora xenética, para o desenvolvemento do control reprodutivo e o programa de mellora xenética.

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR (25 puntos)		XÉNESE E.T.E. VETERINARIOS S.L
CUALITATIVO.CRITERIONº 4. DETALLE DO PROGRAMA SANITARIO PROPOSTO. (10 puntos)	Descrición de estratexias (5puntos)	3 puntos
	Descrición de principios (5 puntos)	3 puntos
CUALITATIVO.CRITERIONº 5. DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO. (15 puntos)	Descrición detallada das actividades (10 puntos)	5 puntos
	Calidade do servizo (5 puntos)	3 puntos
TOTAL CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR		14 puntos

O informe de valoración de criterios avaliados mediante xuízo de valor foi asumido polos integrantes da mesa de contratación. Acto seguido, unha vez feitas públicas as puntuacións obtidas

no apartado de criterios cualitativos cuantificables mediante xuízo de valor, procédese á apertura do sobre “C”, resultando o seguinte:

Lote 1. Servizo veterinario clínico con servizo de urxencias 24 horas.

OFERTA CRITERIOS AUTOMÁTICOS	JESÚS MUINELO GONZÁLEZ	SER. VET. MEILAN SLP
CRITERIO Nº 1. PORCENTAXE DE BAIXA SOBRE OS PREZOS UNITARIOS.	20%	21%
CRITERIO Nº 2. TEMPO MÁXIMO DE RESPOSTA	Ata 15 minutos	Ata 20 minutos
CRITERIO Nº 3. TRASLADO DE ANIMAIS A CLÍNICA VETERINARIA, ETC.	si	si

Lote 2. Servizo veterinario especializado en podoloxía, para o desenvolvemento do programa de prevención de coxeiras e problemas podais.

OFERTA CRITERIOS AUTOMÁTICOS	DIEGO VILLASANTE ARMAS
CRITERIO Nº 1. PORCENTAXE DE BAIXA SOBRE OS PREZOS UNITARIOS.	0
CRITERIO Nº 2. TEMPO MÁXIMO DE RESPOSTA	24 hs

Lote 3. Servizo veterinario especializado en reprodución e mellora xenética, para o desenvolvemento do control reprodutivo e o programa de mellora xenética.

OFERTA CRITERIOS AUTOMÁTICOS	XÉNESE E.T.E. VETERINARIOS
CRITERIO Nº 1. PORCENTAXE DE BAIXA SOBRE OS PREZOS UNITARIOS.	20%
CRITERIO Nº 2. INCORPORACIÓN DE TRABALLADORAS MULLERES.	1

Da aplicación dos criterios de valoración das proposicións presentadas (criterios avaliados automaticamente), obtivéronse os seguintes resultados:

Lote 1. Servizo veterinario clínico con servizo de urxencias 24 horas.

VALORACIÓN	JESÚS MUINELO GONZÁLEZ	SER. VET. MEILAN SLP
VALORACIÓN CRITERIO Nº 1. PORCENTAXE DE BAIXA SOBRE OS PREZOS UNITARIOS.	42,86	45
VALORACIÓN CRITERIO Nº 2. TEMPO MÁXIMO DE RESPOSTA	20	16
VALORACIÓN CRITERIO Nº 3. TRASLADO DE ANIMAIS A CLÍNICA VET., ETC	10	10
VALORACIÓN CRITERIOS AUTOMÁTICOS	72,86	71
VALORACIÓN CRITERIOS JUICIO VALOR	15	14
TOTAL	87,86 PUNTOS	85 PUNTOS

Lote 2. Servizo veterinario especializado en podoloxía, para o desenvolvemento do programa de prevención de coxeiras e problemas podais.

VALORACIÓN	DIEGO VILLASANTE ARMAS
VALORACIÓN CRITERIO Nº 1. PORCENTAXE DE BAIXA SOBRE OS PREZOS UNITARIOS	0
VALORACIÓN CRITERIO Nº 2. TEMPO MÁXIMO DE RESPOSTA	30
VALORACIÓN CRITERIOS AUTOMÁTICOS	30
VALORACIÓN CRITERIOS JUICIO VALOR	15
TOTAL	45 PUNTOS



Lote 3. Servizo veterinario especializado en reprodución e mellora xenética, para o desenvolvemento do control reprodutivo e o programa de mellora xenética.

VALORACIÓN	XÉNESE E.T.E. VETERINARIOS
VALORACIÓN CRITERIO Nº 1. PORCENTAXE DE BAIXA SOBRE OS PREZOS UNITARIOS	45
VALORACIÓN CRITERIO Nº 2. INCORPORACIÓN DE TRABALLADORAS MULLERES.	15
VALORACIÓN CRITERIOS AUTOMÁTICOS	60
VALORACIÓN CRITERIOS JUICIO VALOR	14
TOTAL	74 PUNTOS

Acto seguido procédese á comprobación de se algunha das propostas está incurso en valores anormais ou desproporcionados en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, sendo que ningunha das ofertas se atopa nesta situación.

A Mesa de contratación acorda elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

Clasificar aos licitadores presentados, atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

LOTE 1 Nº ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	JESÚS MUINELO GONZÁLEZ	87,86 PUNTOS
2	SER. VET. MEILAN SLP	85 PUNTOS

LOTE 2 Nº ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	DIEGO VILLASANTE ARMAS	45 PUNTOS

LOTE 3 Nº ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	XÉNESE E.T.E. VETERINARIOS	74 PUNTOS

Requirir a Jesús Muinelo González, Diego Villasante Armas e Xénese E.T.E. Veterinarios para que no prazo dez días hábiles presenten, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador

retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade. Contra o presente acordo, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

LOTE	LICITADOR	PREZO DE ADXUDICACIÓN (ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN)	IMPORTE DA GARANTÍA 5%
1	JESÚS MUINELO GONZÁLEZ	35.236,00 euros	1.761,80 €
2	DIEGO VILLASANTE ARMAS	5.600,00 euros	280,00 €
3	XÉNESE E.T.E. VETERINARIOS	55.558,00 euros	2.777,90 €

Acta da Mesa de Contratación do día 13 de xaneiro de 2022, con CSV IV7CQXPTPPX74X4Y2ZHTOLRDCY, que acordou o seguinte:

“Respecto da documentación relacionada na cláusula décimo sétima do PCAP e no artigo 150 da LCSP, unha vez facilitada de xeito electrónico aos membros da mesa de contratación, se detecta o seguinte:

Lote 1 - Servizo veterinario clínico con servizo de urxencias 24 horas:

Non acredita a solvencia económica nin a solvencia técnica por ningún dos medios recollidos na cláusula 17.1.7 do PCAP.

Non aporta a declaración responsable esixida na cláusula 17.1.8 do PCAP.

O resto de documentación é correcta, incorporándose ao expediente: certificación positiva do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo e Carta de Pago da garantía, emitida pola Tesourería Provincial.

Lote 2 - Servizo veterinario especializado en podoloxía para o desenvolvemento do programa de prevención de coxeiras e problemas podais.



Non acredita a solvencia económica por ningún dos medios recollidos na cláusula 17.1.7 do PCAP.

Non aporta a declaración responsable esixida na cláusula 17.1.8 do PCAP.

O resto de documentación é correcta, incorporándose ao expediente: certificación positiva do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo e Carta de Pago da garantía, emitida pola Tesourería Provincial.

Lote 3 - Servizo veterinario especializado en reprodución e mellora xenética, para o desenvolvemento do control reprodutivo e o programa de mellora xenética.

Presenta unha declaración dos principais servizos realizados de igual ou similar natureza que as que constitúen o obxecto do contrato durante os últimos tres anos, pero non a acompaña dos documentos que acrediten a realización da prestación.

O resto de documentación é correcta, incorporándose ao expediente: consulta de inscrición da sociedade no Rexistro Mercantil, certificado da AEAT e certificacións da Seguridade Social que foran presentadas pola empresa no sobre que contén a declaración de cumprimento de requisitos previos, certificación positiva do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo, Carta de Pago da garantía emitida pola Tesourería Provincial e informe da Granxa sobre concreción das condicións de solvencia.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou por unanimidade dos seus integrantes:

Lote 1 - Servizo veterinario clínico con servizo de urxencias 24 horas:

Requirir a Jesús Muínelo González para que, no prazo de tres días hábiles presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación seguinte:

Solvencia económica e financeira: Deberá acreditarse por algún dos seguintes medios (empresario individual):

Volume anual de negocios, referido ao ano de maior volume de negocios dos tres últimos concluídos. A estes efectos, o volume anual de negocios deberá ser como mínimo unha vez e media o valor anual medio do contrato: 52.854,00 €. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

Xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior ao valor estimado do lote correspondente: 84.566,40 €. A acreditación deste requisito efectuarase por medio de certificado expedido polo asegurador, no que consten os importes e riscos asegurados e a data de vencemento do seguro, e mediante o documento de compromiso vinculante de subscripción, prórroga ou renovación do seguro, nos casos en que proceda.

Solvencia técnica ou profesional: Deberá acreditarse polo seguinte medio:

Unha relación dos principais servizos realizados de igual o similar natureza que as que constitúen o obxecto do contrato durante os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos.

Os servizos realizados acreditaranse mediante certificados ou visados expedidos polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

O requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior a: 24.665,20 €.



Declaración responsable onde se concreten os medios persoais e materiais que adscribirá á execución do contrato (que serán como mínimo os esixidos no PCAP, no PPT e no punto 9 da Memoria xustificativa), na que se recolla expresamente o compromiso firme de mantelos dispoñibles durante a vixencia do contrato.

Poderá integrarse a solvencia requirida nesta cláusula con medios externos de conformidade co previsto no PCAP e no artigo 76 da LCSP.

Lote 2 - Servizo veterinario especializado en podoloxía para o desenvolvemento do programa de prevención de coxeiras e problemas podais:

Requirir a Diego Villasante Armas para que, no prazo de tres días hábiles presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación seguinte:

Solvencia económica e financeira: Deberá acreditarse por algún dos seguintes medios (empresario individual):

Volume anual de negocios, referido ao ano de maior volume de negocios dos tres últimos concluídos. A estes efectos, o volume anual de negocios deberá ser como mínimo unha vez e media o valor anual medio do contrato: 8.400,00 €. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

Xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior ao valor estimado do lote correspondente: 13.440,00 €. A acreditación deste requisito efectuarase por medio de certificado expedido polo asegurador, no que consten os importes e riscos asegurados e a data de vencemento do seguro, e mediante o documento de compromiso vinculante de subscripción, prórroga ou renovación do seguro, nos casos en que proceda.

Declaración responsable onde se concreten os medios persoais e materiais que adscribirá á execución do contrato (que serán como mínimo os esixidos no PCAP, no PPT e no punto 9 da

Memoria xustificativa), na que se recolla expresamente o compromiso firme de mantelos dispoñibles durante a vixencia do contrato.

Poderá integrarse a solvencia requirida nesta cláusula con medios externos de conformidade co previsto no PCAP e no artigo 76 da LCSP.

Lote 3 - Servizo veterinario especializado en reprodución e mellora xenética, para o desenvolvemento do control reprodutivo e o programa de mellora xenética:

Requirir a Xénese E.T.E. Veterinarios, S.L. para que, no prazo de tres días hábiles presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación seguinte:

Certificados ou visados expedidos polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente. O requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior a: 38.890,60 €.”

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 1 de febreiro de 2022, aos efectos de examinar a subsanación da documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que os licitadores presentaron, en prazo, a través da sede electrónica da Deputación, a seguinte documentación:

Lote 1 - Servizo veterinario clínico con servizo de urxencias 24 horas (Jesús Muínelo González):

Solvencia económica e financeira: Presenta certificado ao seu nome da póliza de R.C. colectiva que o Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España ten subscrita para os seus colexiados, por un importe asegurado por sinistro de 600.000 euros, superior ao esixido no PCAP.



Solvencia técnica ou profesional: Presenta un certificado asinado polo propio Jesús Muínelo González pero non presenta unha relación dos principais servizos realizados, nin certificados nin documentos que acrediten a realización da prestación por importe anual acumulado igual ou superior a 24.665,20 €. Polo que non acredita a solvencia técnica ou profesional.

Declaración responsable onde se concreten os medios persoais e materiais que adscribirá á execución do contrato: Presenta declaración e título de veterinario.

Lote 2 - Servizo veterinario especializado en podoloxía para o desenvolvemento do programa de prevención de coxeiras e problemas podais (Diego Villasante Armas):

Solvencia económica e financeira: Presenta certificado ao seu nome da póliza de R.C. colectiva que o Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España ten subscrita para os seus colexiados, por un importe asegurado por sinistro de 600.000 euros, superior ao esixido no PCAP.

Declaración responsable onde se concreten os medios persoais e materiais que adscribirá á execución do contrato: Presenta declaración e título de veterinario. Incorporouse informe da Granxa sobre concreción das condicións de solvencia.

Incorpórase, pola unidade xestora, a póliza completa na que consta unha duración de dous anos a contar desde o día 1 de xaneiro de 2020 e que a póliza renovarase automaticamente. Incorporase así mesmo correo electrónico do Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España, tomador da póliza, enviado a través do Colexio de Lugo, informando que ditos colexiados están dentro da póliza para o ano 2022.

Polo tanto, a póliza está en vigor, está vinculada á habilitación para o exercicio da profesión e non procede presentar compromiso vinculante de subscrición, prórroga ou renovación do seguro por tratarse dunha póliza colectiva na que o licitador é unicamente asegurado e non tomador do seguro.

Lote 3 - Servizo veterinario especializado en reprodución e mellora xenética, para o desenvolvemento do control reprodutivo e o programa de mellora xenética (xénese E.T.E.

Veterinarios, S.L.): Presenta certificados de varias empresas que superan o importe esixido en canto a solvencia técnica, así como facturas polos traballos realizados.

En canto ao lote 1, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Presidencia, se adopten os seguintes acordos:

Excluir a proposta presentada por Jesús Muínelo González, para o Lote 1 - Servizo veterinario clínico con servizo de urxencias 24 horas por non acreditar a solvencia técnica ou profesional esixida no PCAP, tendo por retirada a súa oferta, e proceder á devolución da garantía depositada por Jesús Muínelo González en concepto de garantía definitiva (número expediente 2021/XEN_01/004786, número de operación 320210019158 número de ingreso 20210025262).

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite contemplado no artigo 44.2 da LCSP, procede interpoñer – con carácter potestativo- recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, con enderezo en <https://tacgal.xunta.gal/>. A iniciación do procedemento para a interposición do recurso especial en materia de contratación está prevista no artigo 50 da LCSP, sendo o prazo de interposición de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte a aquel en que se teña coñecemento do acto, de conformidade coa D.A.15º da LCSP.

De acordo coa clasificación dos licitadores e o disposto no artigo 150.2 da LCSP, requirir ao seguinte licitador, segundo a puntuación emitida no Lote 1 - Servizo veterinario clínico con servizo de urxencias 24 horas, ser. Vet. Meilan SLP, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a efectiva disposición dos medios que se tivese comprometido a adscribir á execución do contrato e a constitución da garantía definitiva por importe de 1.761,80 €, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador



retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

En canto aos lotes 2 e 3, a Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopten os seguintes acordos:

Adxudicar a Diego Villasante Armas a contratación do Lote 2 - Servizo veterinario especializado en podoloxía para o desenvolvemento do programa de prevención de coxeiras e problemas podais, expediente 2021/CON_02/000045, polo importe máximo total de 5.600,00 euros €, ao que se aplicará un IVE do 10%, 560,00 €, o que fai un total de 6.160,00 € para un ano de contrato, cun desconto do 0% sobre os prezos unitarios e un prazo máximo de resposta de 24 horas.

Adxudicar a Xénese E.T.E. Veterinarios, S.L. a contratación do Lote 3 - Servizo veterinario especializado en reprodución e mellora xenética, para o desenvolvemento do control reprodutivo e o programa de mellora xenética, expediente 2021/CON_02/000045, polo importe máximo total de 55.558,00 €, ao que se aplicará un IVE do 10%, 5.555,80 €, o que fai un total de 61.113,80. € para un ano de contrato, cun desconto do 20% sobre os prezos unitarios e adscrición ao contrato dunha traballadora (muller).

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a Diego Villasante Armas a contratación do Lote 2 - Servizo veterinario especializado en podoloxía para o desenvolvemento do programa de prevención de coxeiras e problemas podais, expediente 2021/CON_02/000045, polo importe máximo total de 5.600,00 euros €, ao que se aplicará un IVE do 10%, 560,00 €, o que fai un total de 6.160,00 € para un ano de contrato, cun desconto do 0% sobre os prezos unitarios e un prazo máximo de resposta de 24 horas.

2º.- Adxudicar a Xénese E.T.E. Veterinarios, S.L. a contratación do Lote 3 - Servizo veterinario especializado en reprodución e mellora xenética, para o desenvolvemento do control reprodutivo e o programa de mellora xenética, expediente 2021/CON_02/000045, polo importe máximo total de 55.558,00 €, ao que se aplicará un IVE do 10%, 5.555,80 €, o que fai un total de 61.113,80. € para un ano de contrato, cun desconto do 20% sobre os prezos unitarios e adscrición ao contrato dunha traballadora (muller).

3º.- O importe dos contratos financiase de acordo as seguintes anualidades, tendo en conta que o comezo das prestacións será en marzo de 2022:

LOTES	APLICACIÓN	IMPORTE (SEN IVE)	IVE	TOTAL	2022 (SEN IVE)	D/22	2023 (SEN IVE)	D/23
LOTE 2: Servizos veterinarios de podoloxia	4120.22799	5.600,00	560,00	6.160,00	4.666,67	92022/1613	933,33	920229/43
LOTE 3: Servizos veterinarios de reprodución e mellora xenética.	4120.22799	55.558,00	5.555,80	61.113,80	46.298,33	92022/1614	9.259,67	920229/44
SUMA		61.158,00	6.115,80	67.273,80	50.965,00		10.193,00	

Existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2022.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2023 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.

4º.- A duración deste contrato é de un ano, prorrogable anualmente sen que a duración total do contrato (incluídas as prórrogas), supere os dous anos (1+1). Este prazo empezará a contar a partir da subscripción da acta de inicio da prestación do servizo, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato; salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.

5º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.



6º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

7º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbera interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DOS CONTRATOS DOS SERVIZOS NOS CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES (CAM) DE TRABADA E POL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento e da Xefa da Sección de Benestar Social e Igualdade, o que prestou conformidade a Secretaria Xeral, que contén o seguinte:

“Antecedentes.

1.1.- Acordo da Xunta de Goberno de adxudicación do contrato a Asociación Edad Dorada Mensajeros de la Paz Castilla-La Mancha y Galicia, de data 8 de marzo de 2019, da contratación das prestacións determinadas na cláusula 2.1 do PCAP e 4 do PPT, a executar nos Centros de Atención a Persoas Maioras (CAM) de Trabada e Ribadeo, lote 1: Centro de Atención a Persoas Maioras (CAM) de Trabada.

1.2.- Contrato asinado con data 5 de abril de 2019, e Acta de inicio do contrato que establece unha duración desde o 25 de abril de 2019 ata o 20 de xuño de 2022.

2.1.- Acordo da Xunta de Goberno de adxudicación do contrato a Asociación Edad Dorada Mensajeros de la Paz Castilla-La Mancha y Galicia, de data 29 de marzo de 2019, da contratación das prestacións determinadas na cláusula 2.1 do PCAP e 4 do PPT, a executar nos Centros de Atención a Persoas Maiores (CAM) de Pol e A Fonsagrada, lote 1: Centro de Atención a Persoas Maiores (CAM) de Pol.

2.2.- Contrato asinado con data 6 de maio de 2019, e Acta de inicio do contrato que establece unha duración desde o 1 de xuño de 2019 ata o 20 de xuño de 2022.

3.- Solicitudes presentadas en data 22 de xaneiro de 2022, con número de rexistro 2022RT000593, pola adxudicataria dos contratos arriba mencionados, Asociación Edad Dorada Mensajeros de la Paz Castilla-La Mancha y Galicia, de autorización de cesión da execución dos devanditos contratos á empresa Troncoso Casares, S.L. na que manifestan: “Que respecto de la capacidad para contratar con la Administración y la solvencia que resulte exigible al cesionario, Troncoso Casares, S.L, en función de la fase de ejecución del contrato, éste manifiesta que ya obra en poder de esa Diputación Provincial al haberla aportado con fecha 27/08/2021 en el expediente número: 2021/CON_02/000015.”

4.- Requirimento de Presidencia, con CSV IV7CS7QNNUE45C5MWX5TEIQUN4, de data 28 de xaneiro de 2022, de documentación adicional.

5.- Troncoso Casares, S.L. presentou o 1 de febreiro de 2022 a documentación solicitada, sendo esta correcta.

Lexislación aplicable.

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).



Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Restante normativa de xeral ou concordante aplicación.

Consideracións xurídico- administrativas.

Primeira.- A cesión dos contratos réxese polo disposto no artigo 214 da LCSP:

“1. Al margen de los supuestos de sucesión del contratista del artículo 98 y sin perjuicio de la subrogación que pudiera producirse a favor del acreedor hipotecario conforme al artículo 274.2 o del adjudicatario en el procedimiento de ejecución hipotecaria en virtud del artículo 275, la modificación subjetiva de los contratos solamente será posible por cesión contractual, cuando obedezca a una opción inequívoca de los pliegos, dentro de los límites establecidos en el párrafo siguiente.

A tales efectos, los pliegos establecerán necesariamente que los derechos y obligaciones dimanantes del contrato podrán ser cedidos por el contratista a un tercero siempre que las cualidades técnicas o personales del cedente no hayan sido razón determinante de la adjudicación del contrato, y de la cesión no resulte una restricción efectiva de la competencia en el mercado. Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 2, letra b), no podrá autorizarse la cesión a un tercero cuando esta suponga una alteración sustancial de las características del contratista si estas constituyen un elemento esencial del contrato.

Cuando los pliegos prevean que los licitadores que resulten adjudicatarios constituyan una sociedad específicamente para la ejecución del contrato, establecerán la posibilidad de cesión de las

participaciones de esa sociedad; así como el supuesto en que, por implicar un cambio de control sobre el contratista, esa cesión de participaciones deba ser equiparada a una cesión contractual a los efectos de su autorización de acuerdo con lo previsto en el presente artículo. Los pliegos podrán prever mecanismos de control de la cesión de participaciones que no impliquen un cambio de control en supuestos que estén suficientemente justificados.

2. Para que los contratistas puedan ceder sus derechos y obligaciones a terceros, los pliegos deberán contemplar, como mínimo, la exigencia de los siguientes requisitos:

a) Que el órgano de contratación autorice, de forma previa y expresa, la cesión. Dicha autorización se otorgará siempre que se den los requisitos previstos en las letras siguientes. El plazo para la notificación de la resolución sobre la solicitud de autorización será de dos meses, transcurrido el cual deberá entenderse otorgada por silencio administrativo.

b) Que el cedente tenga ejecutado al menos un 20 por 100 del importe del contrato o, cuando se trate de un contrato de concesión de obras o concesión de servicios, que haya efectuado su explotación durante al menos una quinta parte del plazo de duración del contrato. No será de aplicación este requisito si la cesión se produce encontrándose el contratista en concurso aunque se haya abierto la fase de liquidación, o ha puesto en conocimiento del juzgado competente para la declaración del concurso que ha iniciado negociaciones para alcanzar un acuerdo de refinanciación, o para obtener adhesiones a una propuesta anticipada de convenio, en los términos previstos en la legislación concursal.

No obstante lo anterior, el acreedor pignoraticio o el acreedor hipotecario podrá solicitar la cesión en aquellos supuestos en que los contratos de concesión de obras y de concesión de servicios los pliegos prevean, mediante cláusulas claras e inequívocas, la posibilidad de subrogación de un tercero en todos los derechos y obligaciones del concesionario en caso de concurrencia de algún indicio claro y predeterminado de la inviabilidad, presente o futura, de la concesión, con la finalidad de evitar su resolución anticipada.

c) Que el cesionario tenga capacidad para contratar con la Administración y la solvencia que resulte exigible en función de la fase de ejecución del contrato, debiendo estar debidamente clasificado si tal requisito ha sido exigido al cedente, y no estar incurso en una causa de prohibición de contratar.

d) Que la cesión se formalice, entre el adjudicatario y el cesionario, en escritura pública.

3. El cesionario quedará subrogado en todos los derechos y obligaciones que corresponderían al cedente.”



Segunda.- Nos expedientes que nos ocupan, as cesións obedecen a unha opción inequívoca dos pregos. A cláusula 24.3 do PCAP de ambos PCAP dispón o seguinte:

“Os efectos do establecido no artigo 214 da LCSP, este PCAP establece a posibilidade de modificar subxectivamnte cada contrato, cesión de contratos, ao entender que concorren os condicionantes do apartado primeiro dese precepto aplicándose, na eventual cesión, todos os requisitos fixados no parágrafo segundo dese mesmo artigo (letras a-d todas) as que se remite expresamente este PCAP para resolver as peticións de cesión de dereitos e obrigas a terceiros.”

Terceira.- Nas contratacións, as cualidades técnicas ou persoais do cedente non foron razón determinante das adjudicacións dos contratos, posto que se adjudicaron os servizos de referencia en base aos criterios de adjudicación contidos na cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas, é dicir: Criterios de adjudicación avaliábel mediante xuízo de valor e criterios de adjudicación avaliábel automaticamente, circunstancias éstas que non se ven afectadas de ser efectivamente realizadas as cesións que solicita a adjudicataria.

Cuarta.- Das cesións non resulta ningunha restrición da competencia no mercado. As licitacións tramitaronse por un procedemento ordinario aberto, con división en lotes, cunha duración inferior á máxima permitida pola LCSP. As condicións da adjudicación mantéñense para o cesionario.

Quinta.- O cedente ten executado polo menos un 20 por 100 do importe dos contratos, segundo consta no informe do Servizo de Benestar Social e Igualdade:

“Segundo os datos que contan en Benestar Social e Igualdade o cedente dos contratos que ocupan este documento ten executado, polo menos, un 20 por 100 do importe para cada un dos contratos:

Contrato administrativo de servizos para as prestacións a persoas maiores no centro de atención de Trabada (EXP0033SE18ABO. Lote 1) entre a Deputación de Lugo e Asociación Edad Dorada Mensajeros de la Paz Castilla La Mancha y Galicia constan executados a 31.12.2021 un 44,11% do importe de adjudicación do citado contrato.

Contrato administrativo de servizos para as prestacións a persoas maiores no centro de atención de Pol (EXP0042SE18-ABO. Lote 1) entre a Deputación de Lugo e Asociación Edad Dorada Mensajeros de la Paz Castilla La Mancha y Galicia constan executados a 31.12.2021 un 52,02% do importe de adxudicación do citado contrato”.

Sexta.- Cúmrese o preceptuado na letra c do artigo 214.2 da LCSP:

“c) Que el cesionario tenga capacidad para contratar con la Administración y la solvencia que resulte exigible en función de la fase de ejecución del contrato, debiendo estar debidamente clasificado si tal requisito ha sido exigido al cedente, y no estar incurso en una causa de prohibición de contratar”.

Incorpórase ao expediente a documentación esixida na cláusula 17 dos respectivos PCAP da empresa Troncoso Casares S.L (documentación que obra no expediente 2021/CON_02/000015 e documentación adicional requirida):

1. Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 84 da LCSP e 21 RXLCAP):

(...) b) Persoas Xurídicas:

Fotocopia do CIF da empresa: Consta no expediente número 2021/CON_02/000015.

Fotocopia do DNI (ou pasaporte ou documento que legalmente o substitúa) do representante da empresa: Consta no expediente número 2021/CON_02/000015.

Escritura de constitución e, no seu caso, modificación, inscrita no Rexistro Mercantil (“Caxetín” do Rexistro). No caso de que, conforme á lexislación mercantil, non fora esixible á persoa xurídica a súa inscrición no Rexistro Mercantil, para acreditar a capacidade de obrar, deberá presentarse escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, onde consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial: Consta no expediente número 2021/CON_02/000015 escritura pública de constitución da sociedade de responsabilidade limitada, outorgada o día 14 de xuño de 2006, ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia, D. Carlos Martínez Sebastián, con número de protocolo 1267.

Consta que a sociedade ten un obxecto social adecuado para a prestación do obxecto do contrato: toda actividad relacionada con servicios sociales y asistencia sanitaria de atención a la vejez, discapacidad psíquica y física y trastornos psiquiátricos, gestión y atención a los mismos con apertura de centros de día, centros sanitarios o sociosanitarios, residencias, viviendas comunitarias o apartamentos tutelados y atención domiciliaria.



c) Cando o contratista actúe mediante representante, ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica, deberá achegar documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar, verificado de suficiencia (bastanteado) pola Asesoría Xurídica da Deputación Provincial de Lugo: Non é preciso bastanteo de poder, posto que o representante da cesionaria ten a condición de administrador único da empresa e dito extremo é comprobable coa escritura aportada, xa que ostenta a representación da empresa, como administrador único.

(...)

2. Último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou o documento de alta neste, cando esta sexa recente e non xurda aínda a obriga de pagamento: Incorporárase certificado de alta actualizado.

3. Certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida polo órgano competente da Administración do Estado, polo que respecta ás obrigas tributarias con este último: Incorporárase certificado de alta actualizado.

4. Certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida polo órgano competente da Administración da Deputación Provincial de Lugo, polo que acredite a circunstancia de non ter débedas tributarias en período executivo con esta (Ou autorización para que o Servizo de Contratación e Fomento o solicite, ver modelo Anexo): Incorporárase certificado positivo actualizado.

5. Certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida pola autoridade administrativa competente que acredite estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social: Incorporárase certificado de alta actualizado.

6. Certificación do Rexistro Mercantil ou declaración responsable de que a entidade non se atopa en concurso de acredores: Consta no expediente número 2021/CON_02/000015 declaración asinada de data 21-08-2021.

(...)

8. Documentos acreditativos da solvencia económica, financeira e técnica conforme ao establecido nos artigos 74, 86 e 87 da LCSP e no Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do RXLCAP:

8.1. Solvencia económica e financeira: Constan no expediente número 2021/CON_02/000015 as contas depositadas do ano 2020, presentadas en fase de subsanación.

8.2. Solvencia técnica ou profesional.

De conformidade co establecido no artigo 90.3 LCSP, si o obxecto do contrato que se licita require aptitudes específicas en materia social, esixirase como requisito de solvencia técnica ou

profesional a concreta experiencia, coñecementos e medios nas referidas materias, o que deberá acreditarse polos medios que establece o apartado 1 do citado artigo.

Así, a solvencia técnica e profesional deberá acreditarse por dous dos seguintes medios:

8.2.a. Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados no últimos tres anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos que obren no seu poder e acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente. O requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato (anualidade media do contrato) referido a cada lote ou lotes para o caso de oferta integradora. Tómase como referencia para determinar este criterio , o valor estimado, ao fixarse o prezo en función de prezos unitarios, co seguinte importe a xustificar.

CAM Trabada	445.684,64 €
CAM Pol	444.241,00 €

En concreto, requírense:

Dous (2) certificados (ou ben unha declaración do empresario acompañada dos documentos que obren no seu poder e acrediten a realización da prestación) que acrediten experiencia en xestión integral de centros sociais con aloxamento, que, en todo caso, comprendan servizos, traballos ou actividades socio-sanitarios, de limpeza e lavandaría (...)

8.2.c. Títulos académicos e profesionais do empresario e os executivos da empresa e, en particular, da persoa responsable ou responsable da execución do contrato, así como os técnicos directamente responsables dela.”

Constan, no expediente número 2021/CON_02/000015, dous certificados de xestión de centros con importe superior ao esixido, e aportou, a maiores, as titulacións a que se refire o apartado 8.2.c da cláusula 17 do PCAP.

8.3. Concreción das condicións de solvencia:



Ademais da solvencia recollida nos apartados anteriores, esíxese aos licitadores que adscriban á execución do contrato os medios persoais e materiais (cláusula 7.3.6 deste prego) que, como mínimo, serán os determinados tanto nos pregos de cláusulas administrativas como nos pregos de prescricións técnicas (cláusulas 5, medios materiais e 6, medios persoais). Neste trámite deberá concretarse a dispoñibilidade deses medios e o compromiso firme de telos dispoñibles precisando os recursos existentes e/ou as medidas adoptadas para efectiva presenza de todos os medios esixidos e precisados na oferta do adxudicatario, ao inicio da prestación e durante a súa execución: Deberá aportar declaración asinada pola cesionaria de que é coñecedora e asume as ofertas presentadas por Asociación Edad Dorada Mensajeros de la Paz Castilla-La Mancha y Galicia relativa aos criterios sometidos a xuízo de valor e aos criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas.

Presenta declaración responsable en fase de subsanación, que se considera suficiente polos asinantes do presente informe.

(...)

11. Documento que conteña a cadea de mando e o interlocutor responsable por parte da adxudicataria para cada lote e, no seu caso, para a oferta integradora: Presentouno en fase de subsanación.

12. Habilitación empresarial ou profesional para a realización da prestación obxecto de contrato. Deberá aportarse a documentación que acredite a correspondente habilitación empresarial ou profesional nos termos da cláusula 7.1.2. A tal efecto achegarán o certificado, vixente, de estar inscrito no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais da comunidade autónoma de Galicia: Consta no expediente número 2021/CON_02/000015.

Sétima.- Comprobouse así mesmo, polo Servizo de Benestar Social que o cedente ten executado como mínimo un 20 por cento do importe dos contratos e que na execución dos contratos que se ceden non hai ningún procedemento de penalidades ou incumprimentos pendentes.

A cedente, Asociación Edad Dorada Mensajeros de la Paz Castilla y la Mancha y Galicia, comprometeuse a executar os contratos obxecto deste informe respectando a súa oferta económica tendo en conta os prezos unitarios ofertados, os cales constan nos contratos formalizados. Estes prezos unitarios aos que refire a adxudicación e contratación son prezos sen IVE.

Mensajeros da Paz está exento de IVE, sen embargo, a empresa Troncoso Casares S.L. non está exenta deste importe e, polo tanto, deberá engadir na facturación das presentacións o 4 % do

IVE a todos os prezos unitarios ofertados por Mensajeros e que constan nos contratos administrativos.

Tendo en conta este incremento económico do 4% das prestacións obxecto do contrato, sinalar que se conta con crédito suficiente (278.861,51 € no caso do CAM de Trabada e 302.572,87 € no caso do CAM de Pol) con cargo á anualidade 2022 (ata 20.06.2022) para facer fronte ao mesmo, nas circunstancias mais desfavorables economicamente (co CAM cunha ocupación máxima, sendo todas as persoas dependente), no caso de executar a cesión do contrato entre ambas entidades.

Oitava.- A cesión do contrato vense configurando como un caso de novación modificativa subxectiva do contrato (artigo 1205 do Código civil), que ocorre pola subrogación dun terceiro na posición xurídica do contratista; este dende o momento de formalización en escritura pública da cesión, queda desligado do vínculo contractual coa administración, resultando substituído polo cesionario.

Esta cesión é un instrumento técnico que permite a circulación do contrato administrativo no tráfico xurídico.

A cesión do contrato subroga ao cesionario nos dereitos e obrigas, pendentes de devengo, do contratista cedente. A cesión non extingue o contrato, senón que solo modifica un dos suxeitos da relación.

O acordo de cesión é un negocio xurídico bilateral no que son parte o contratista e o terceiro (cesionario), sendo allea a administración, se ben debe autorizala.

No caso analizado os contratos son susceptibles de cesión; as cesións non supoñen unha alteración substancial das características do contratista (o cesionario acredita aptitude e solvencia/clasificación); non se aprecia unha eventual restrición efectiva para o mercado.

O cedente executou máis do 20% do importe dos contratos.

A cesión deberá formalizarse en escritura pública, entre o adxudicatario e o cesionario, toda vez que o pacto de cesión non é un contrato administrativo senón un negocio xurídico-privado. Se non se outorga escritura pública non se entenderá producida a cesión do contrato, de modo que a administración contratante non terá ao cesionario como parte do contrato. O outorgamento desta escritura debe ir precedida da autorización da administración contratante.

Finalmente e en canto aos efectos, precísase:



a) A cedente Asociación Edad Dorada Mensajeros de la Paz Castilla-La Mancha y Galicia está exenta de IVE, non así a empresa Troncoso Casares, S.L.

b) Unha vez outorgada a escritura pública, previa autorización desta administración, o cesionario queda subrogado en todos os dereitos e deberes que corresponderían ao cedente. Cedente e cesionario deben entregar copia auténtica de escritura pública.

c) Dende o momento do outorgamento desa escritura pública a cedente desvinculase da administración contratante para este contrato e substitúese polo cesionario.

d) Dende esa data -de formalización de escritura pública- debe procederse a constitución da garantía polo cesionario, polos mesmos importes que as actualmente constituídas. En tanto non se constituía a garantía polo cesionario, seguirá respondendo a constituída pola cedente.

CAM Trabada: O importe da garantía constituída ascende a 100.459,43 €.

CAM Pol: O importe da garantía constituída ascende a 103.632,99 €.

Novena.- Respecto ao órgano competente, dado que se trata dunha modificación con normativa especial (novación modificativa subxectiva), con cambio da persoa contratista, de conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020).

Décima.- O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sinala que a emisión de informes, cando así se establece na lexislación sectorial, é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón, a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

Conclusión: Así pois a cesión do contrato enténdese axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente a súa autorización baixo as consideracións e presupostos relacionados.”

Polo anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Autorizar a cesión, pola entidade Asociación Edad Dorada Mensajeros de la Paz Castilla La Mancha y Galicia á empresa Troncoso Casares S.L., dos contratos:

Contratación das prestacións determinadas na cláusula 2.1 do PCAP e 4 do PPT, a executar nos Centros de Atención a Persoas Maiores (CAM) de Trabada e Ribadeo, EXP0033SE18-ABO.
Lote 1: Centro de Atención a Persoas Maiores (CAM) de Trabada.

Contratación das prestacións determinadas na cláusula 2.1 do PCAP e 4 do PPT, a executar nos Centros de Atención a Persoas Maiores (CAM) de Pol e A Fonsagrada, EXP0042SE18-ABO.
Lote 1: Centro de Atención a Persoas Maiores (CAM) de Pol.

2º.- Requirir ao cesionario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación do presente acordo presente a seguinte documentación:

Escritura pública de formalización das cesións entre o cedente e o cesionario.

Resgardos acreditativos da constitución da garantía polo cesionario, polos mesmos importes que as actualmente constituídas. En tanto non se constituía a garantía polo cesionario, seguirá respondendo a constituída pola cedente.

CAM Trabada: O importe da garantía constituída ascende a 100.459,43 €.

CAM Pol: O importe da garantía constituída ascende a 103.632,99 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Modificación do acordo de concesión do convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Diócese de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en igrexas– Diócese de Lugo”, nas anualidades 2020 e 2021 e do convenio canalizador do mesmo.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, no que literalmente se establece:

“Solicitud de modificación do acordo de concesión do convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Entidade Diócese de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en igrexas- Diócese de Lugo”, nas anualidades 2020 e 2021 e do convenio canalizador do mesmo.

En relación ao asunto de referencia (Exp: 2022/PES_03/002011), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, se emite o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día 11 de decembro de 2020, adoptou, entre outros, o acordo de prestar aprobación á seguinte proposta:

“1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 150.000,00 € a favor da entidade Diócese de Lugo, para sufragar os gastos

derivados da execución da actuación “Obras de restauración en Igrexas – Diócese de Lugo”, nas anualidades 2020 e 2021, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 para esta liña (Anexo I).

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Ano 2020: 5.000,00 €

Ano 2021: 145.000,00 €

2º.- Aprobar o gasto plurianual polo importe total de 150.000,00 €, que se desagrega en 5.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789, do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor da entidade Diócese de Lugo, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en Igrexas – Diócese de Lugo”, e para a anualidade 2021 por importe de 145.000,00 €. O orzamento xeral do 2021, aprobado inicialmente polo pleno da Deputación o 30 de novembro de 2020, non prevé crédito suficiente para a anualidade 2021, polo que a Deputación adquire o compromiso, supeditado ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de modificar o orzamento xeral do 2021.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, e que se incorpora ao expediente.”

Segundo.- O convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Diócese de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en Igrexas – Diócese de Lugo”, nas anualidades 2020 e 2021, formalizouse o 16 de decembro de 2020.

Terceiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día 21 de xaneiro de 2022, adoptou, entre outros, o acordo de prestar aprobación á seguinte proposta:

“Modificar a cláusula sétima (xustificación e aboamento da subvención e gastos subvencionables) do convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Diócese de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de



restauración en Igrexas – Diócese de Lugo”, nas anualidades 2020 e 2021, formalizado o 16 de decembro de 2020, nos termos da addenda incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio de referencia.”

Cuarto: A addenda ao convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Diócese de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en Igrexas – Diócese de Lugo”, nas anualidades 2020 e 2021, formalizouse o 25 de xaneiro de 2022.

Quinto: O representante da Diócese de Lugo remitiu, o 7 de febreiro de 2022 (2022RPE001909) ao Servizo de Contratación e Fomento escrito no que se recolle literalmente o seguinte:

“Que, con data 16 de Decembro de 2020 asinouse o Convenio Canalizador da Subvención Directa de Carácter Excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo e a Diócese de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en igrexas – Diócese de Lugo” nas anualidades 2020 e 2021, (aprobadado por acordo de Xunta de Goberno de data 11 de Decembro de 2020). Que, en dito convenio unha das obras que figura na anualidade do ano 2021 é a reparación da cuberta e fachadas na Igrexa de Santa María da Régoa (Monforte de Lemos) por importe de 22.500,00€. Que, en dita obra inicialmente pretendíase soamente a renovación das zonas de Nave e Sacristía, empregando tella curva tradicional e colocando baixo a mesma, placas onduladas especiais adaptadas, ademais de proceder á limpeza, reparación e pintura das fachadas da igrexa. Que, unha vez aberta a obra, andamiada e con acceso as zonas que non se puideron visitar durante a redacción do documento técnico inicial, detéctase ca cuberta do Prebisterio (de dimensión aprox. en pranta de 12*13 m), coroada por unha lanterna granítica con fiestras de madeira atópase nun estado necesitado de reparacións igual co da nave. Que, esta obra non prevista inicialmente no Convenio ten un coste adicional de 26.264,34 € (IVE incluído), segundo memoria técnica do arquitecto. (Documento nº 1).

Polo que, solicita Admitan este escrito e o seu contido, e se autorice unha addenda ó mencionado Convenio na que se recolla o custe total deste imprevisto, financiando o 50% do custo a Deputación (13.132,17€) e o outro 50% a Diócese de Lugo (13.132,17 €)”.

Fundamentos de dereito.

Primeiro: Segundo o establecido no artigo 13.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo (BOP. Núm. 082 do 13 de abril de 2021):

“(…) 2. A resolución ou acordo de concesión poderase modificar, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevindas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos da subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

3. Así mesmo, unha vez adoptada a resolución/acordo da concesión, poderá realizarse un reaxuste na distribución dos gastos do proxecto ou actividade subvencionada, previa autorización do órgano concedente e sempre que a autorización non dane dereitos de terceiros.”

Segundo: Na cláusula décimo cuarta -Vixencia do Convenio e modificación- do O convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Diócese de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en Igrexas – Diócese de Lugo”, nas anualidades 2020 e 2021, formalizado o 16 de decembro de 2021 e modificado o 25 de xaneiro de 2022 recollese que:

“A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2020, e manterá a súa vixencia ata a aprobación da conta xustificativa e o seu aboamento que, -salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro de 2023, debendo estar aprobada a conta xustificativa da anualidade 2020 na data límite do 31 de decembro de 2021, e a da anualidade 2021 na data límite do 31 de decembro de 2022, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

En calquera momento e antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar, de mutuo acordo, a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.



O anterior é, sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo entre as partes, mediante a subscripción da addenda de modificación respectiva”.

Terceiro: O órgano competente para aprobar a modificación do acordo de concesión e a segunda addenda ao convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Diócese de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en Igrexas – Diócese de Lugo”, nas anualidades 2020 e 2021 é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou o mesmo.

Conclusiones.

Por todo o exposto, informase favorablemente:

A modificación do acordo de concesión da subvención, de data 11 de decembro de 2020, que quería redactado no seguinte senso:

“1. Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 150.000 € a favor da entidade Diócesis de Lugo, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en igrexas - Diócese de Lugo”, nas anualidades 2020, 2021 e 2022, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 para esta liña (AnexoI).

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Ano 2020: 5.000,00 €

Ano 2021: 145.000,00 €

Ano 2022: 13.132,17 €

2. Aprobar o gasto plurianual polo importe total de 163.132,17, que se desagrega en 5.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789, do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor da entidade Diócesis de Lugo, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en igrexas- Diócese de Lugo”, 145.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789, do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2021 e 13.132,17 € con cargo á aplicación orzamentaria 9250.78955, do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022

3. Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, e que se incorpora ao expediente”.

A modificación da cláusula primeira (obxecto do convenio) da cláusula segunda (orzamento de execución da actuación subvencionada) a cláusula Terceira (achegas e compromisos das partes) da cláusula Sétima (xustificación e aboamento da subvención) da cláusula décimo cuarta (vixencia do Convenio e modificación) e da Cláusula Adicional Primeira (anticipo) do convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Diócese de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en Igrexas – Diócese de Lugo”, nas anualidades 2020 e 2021, formalizado o 16 de decembro de 2020 e modificado o 25 de xaneiro de 2022, no senso da segunda addenda que se incorpora ao expediente, tendo en conta que media a vontade das partes e que o convenio está vixente e recolle a posibilidade de modificación do mesmo.”

Por todo o anteriormente exposto, tendo en conta que consta informe favorable de fiscalización, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación do acordo de concesión, de data 11 de decembro de 2020. da subvención que quería redactado no seguinte senso:

“1. Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 150.000 € a favor da entidade Diócesis de Lugo, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en igrexas- Diócese de Lugo”, nas anualidades



2020, 2021 e 2022, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 para esta liña (AnexoI).

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Ano 2020: 5.000,00 €

Ano 2021: 145.000,00 €

Ano 2022: 13.132,17 €

2. Aprobar o gasto plurianual polo importe total de 163.132,17, que se desagrega en 5.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789, do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor da entidade Diócesis de Lugo, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en igrexas - Diócese de Lugo”, 145.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789, do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2021 e 13.132,17 € con cargo á aplicación orzamentaria 9250.78955, do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022

3. Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, e que se incorpora ao expediente”.

Aprobar a modificación da cláusula primeira (obxecto do convenio) da cláusula segunda (orzamento de execución da actuación subvencionada) a cláusula Terceira (achegas e compromisos das partes) da cláusula Sétima (xustificación e aboamento da subvención) da cláusula décimo cuarta (vixencia do Convenio e modificación) e da Cláusula Adicional Primeira (anticipo) do convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Diócese de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en Igrexas – Diócese de Lugo”, nas anualidades 2020 e 2021, formalizado o 16 de decembro de 2020 e modificado o 25 de xaneiro de 2022, no senso da segunda addenda que se incorpora ao expediente, tendo en conta que media a vontade das partes e que o convenio está vixente e recolle a posibilidade de modificación do mesmo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Xermade para a execución dos fins comúns consistentes en: Construción de depuradora ecolóxica no barrio do Empalme, na parroquia de Cabreiros, na anualidade 2021.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Con data 3 de setembro de 2021 aprobouse na Xunta de goberno da Deputación de Lugo, o Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Xermade para a execución dos fins comúns consistentes en: Construción de depuradora ecolóxica na Parroquia de Cabreiros, na anualidade 2021.

As obras obxecto deste Convenio foron licitadas e adxudicadas, formalizando o acta de reformulo definitivo logo de toda a tramitación administrativa necesaria, en data 15 de novembro de 2021.

As obras comezaron atopándose con distintos problemas que provocaron un retraso importante na execución das obras e tamén a introdución de estruturas que garantan o bo uso e funcionamento da instalación, o custo desas estruturas será afrontado polo Concello de Xermade en virtude do recollido na cláusula terceira do convenio “Obrigas e compromisos das partes”.

Por todo o anteriormente exposto cómpre á realización dunha addenda para a modificación do convenio e poder rematar as obras iniciadas.

Á vista do exposto, propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobado a Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Xermade para a execución dos fins comúns consistentes en: Construción de depuradora ecolóxica no barrio do Empalme, na parroquia de Cabreiros, Concello de Xermade, que se achega con esta proposta.



2º.- Aprobar o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 36.727,59 euros, con cargo á aplicación 1600.6500955 do vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA RELATIVA Ó ALLEAMENTO POR ADXUDICACIÓN DIRECTA DUNHA CABEZA DE GANDO DA GRANXA PROVINCIAL GAYOSO CASTRO.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Recursos Sostibles, do seguinte teor:

“Con data 16 de xullo de 2021 a Xunta de Goberno Provincial aproba o prego de condicións que rexerán no procedemento para o alleamento de diversas cabezas de gando da Granxa Provincial Gayoso Castro mediante a celebración dunha poxa e publicado no BOP nº 164 do 20 de xullo de 2021.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes de participación na convocatoria pública celébrase a poxa o 29 de xullo de 2021 nas instalacións da Granxa Gaioso Castro.

Con data 20 de agosto de 2021 a Xunta de Goberno Provincial acorda a adxudicación das cabezas de gando e declara deserta a licitación do animal macho de raza cachena de entre 1 e 2 anos con n.º de crotal ES011112366617 e declara que o animal poderá ser obxecto de alleamento mediante adxudicación directa polo prezo de saída (396€ + IVE).

Con data 24 de xaneiro de 2022, a Dirección da Granxa Gayoso Castro emite informe favorable, con CSV IV7CQPILFVHOZSFP2IU5P52AEQ., á adxudicación directa da referida cabeza de gando, á vista da solicitude de Josefina Fernández Rodríguez, solicitando a adquisición do animal macho de raza cachena con n.º de crotal ES011112366617 polo importe de 396 € + IVE.

Visto o informe favorable da Sección de Patrimonio de data 01 de febreiro de 2022, con CSV IV7CSOLDDEUZ4TZDYVPEN4XOKM, considerándose que a oferta presentada por Josefina Fernández Rodríguez para a adquisición da referida cabeza de gando por adxudicación directa cumpre co establecido no prego reitor e coa lexislación vixente.

Por todo o anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno:

1º.- Adxudicar o procedemento de alleamento da cabeza de gando mediante adxudicación directa do animal macho de raza cachena con nº de crotal ES011112366617 polo importe de 396 € + IVE, a favor de Josefina Fernández Rodríguez, sendo por conta do adxudicatario os impostos pertinentes e todos os gastos derivados de transporte ou outra índole.

2º.- Formalizar a transmisión da titularidade do devandito semovente previo o seu pagamento, mediante sinatura da Acta de Entrega.

3º.- Realizar as anotacións pertinentes no Libro de Inventario de Bens e Dereitos.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- APROBACIÓN DA APLICACIÓN DUN ACORDO EN RELACIÓN AS INCIDENCIAS XURDIDAS NA XUSTIFICACIÓN DO BONO IMPULSO (BONO PARA A HOSTALARIA E COMERCIO LOCAL).

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Primeiro.- Co obxecto de frear a crise económica ocasionada pola Pandemia Covid 19, que esta xerando graves estragos na economía, e arrastra a millóns de empresas o peche aumentando de forma considerable as cifras de desemprego no territorio apróbanse na Xunta de



gobierno de data 30 de abril de 2021 as bases que regulan a convocatoria sendo publicadas no BOP Nº 098 de data 3 de maio de 2021

Segundo.- Iniciada a fase de xustificación por parte das empresas beneficiarias de acordo as bases do programa, coa entrega da documentación establecida no artigo 10, os técnicos da Área de Promoción Económica e Emprego detectan, en termos xerais, que a documentación entregada relativa os tickets de consumo ou facturas do gasto a subvencionar adocен de erros formais tales como falta de identificación total ou parcial do cliente, falta de desglose dos prezos unitarios , ou do IVE... así coma a utilización do nome comercial en vez da razón social entre outros, aínda que o fin que orixina o obxecto da subvención cúmprese.

Terceiro.- En atención o apartado anterior decidiuse elevar a Xunta de Goberno un informe coa determinación duns criterios interpretativos en aras a dar un cumprimento eficaz na tramitación dos expedientes a efectos de dar continuidade a subvención concedida e conseguir inxectar liquidez ás pemes e autónomos e así poder facer fronte os pagos cos provedores. Este acordo foi tomado pola Xunta de Goberno e data 29 de outubro de 2021.

Cuarto.- Na base 13 do programa, establecíase o prazo de vixencia para facer o uso do bono, dende o día seguinte a publicación dos consumidores no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo ata 30 de setembro de 2021. Executado o programa resulta oportuno ampliar o período inicial de consumo a data de publicación do inicio de prazo para a solicitude dos bonos por parte dos consumidores, xa que dende ese momento xenérase una expectativa para o mesmo, que en ningún caso perxudica a terceiros, sendo mais inclusivo a hora de validar o consumo nos establecementos dende ese momento.

O acto de publicación da listaxe de beneficiarios unicamente respondía a que o solicitante fose coñecedor do outorgamento do bono, inda que finalmente na execución do programa o coñecemento maioritario foi coa entrega individualizada do bono a través dun servizo de paquetaría. Polo que atendendo o obxectivo do programa, fomento do consumo para inxectar liquidez ós establecementos, resulta moito máis vantaxoso ampliar o prazo inicial de consumo dende a xeración da expectativa (inicio do prazo de solicitude dos bono).

Quinto.- Debido a cantidade de expedientes xerados e para conseguir o efecto desexado durante a vixencia do programa ampliáronse os prazos para o consumo ata 30 de setembro de 2021, coa conseguínte variación dos prazos, e en atención o detallado na base 13.

“A Sección de Promoción económica e emprego poderá modificar os prazos de solicitude, períodos de consumo e entrega das contas xustificativas, así coma as datas de vixencia do programa se as circunstancias ou outras razóns organizativas así o aconsellasen, publicándoo a través da páxina web: www.deputacionlugo.gal.”

Tales modificacións acortaron os prazos para a tramitación administrativa, e fixeron imposible a aprobación e pago das contas xustificativas a 31 de decembro de 2021 tal e como se dispoñía nas bases do programa.

Polo que aprobouse na Xunta de goberno de 30 de decembro de 2021, a cuantificación de concesións de subvencións os establecementos adheridos ao programa Bono impulso daquelas contas xustificativas presentadas e pendentes de tramitar en aras a manter a dotación orzamentaria e poder incorporala o próximo exercicio, sen prexuízo da cantidade resultante da conta xustificativa. Por erro, nesa proposta non se detallou o prazo de aprobación de xustificación do gasto e pago máximo acorde a nova situación, debendo ser este ó 28 de febreiro de 2022 a efectos de aprobación de xustificación do gasto e 31 de marzo de 2022 a efectos de pago.

Sexto.- En atención o principio de proporcionalidade e por analogía con expedientes de subvencións tramitados por este servizo e para contribuír o obxectivo final do programa, incluír a 5 entidades que presentaron a conta xustificativa fora do prazo establecido para a súa tramitación xa que se presentaron por propia iniciativa e considéranse cumpridos os fines para os que e concedeu, sen causar prexuízo a terceiros, estando incluídos no acordo de Xunta de Goberno de 30 de decembro de 2021.

Sétimo.- Para proceder o peche do programa propónse incluír na tramitación da xustificación de gasto e pago do programa a 2 entidades que no momento da solicitude non identificaron todas as localidades onde se ubicaban os seus establecementos e coa presentación da conta xustificativa detectáronse bonos doutras localidades diferentes a solicitude. Comprobado no IAE aparecen todas co mesmo NIF, polo que atendendo a finalidade do programa, decídese a admisión de todas elas, e non minorar as das localidades non solicitadas no momento da solicitude por ser a mesma entidade e considerarse un erro subsanable.



Oitavo.- Esta proposta por parte da Sección de Promoción Económica e Emprego non e arbitraria e encontra a súa fundamentación na aplicación dos seguintes artigos:

Artigo 103.1 da Constitución:

“La Administración Pública sirve con objetividad los intereses generales y actúa de acuerdo con los principios de eficacia, jerarquía, descentralización, desconcentración y coordinación, con sometimiento pleno a la ley y al Derecho”

Lei 39/2015 de 1 de outubro del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas:

Artigo 71.1.

“El procedimiento, sometido al principio de celeridad, se impulsará de oficio en todos sus trámites y a través de medios electrónicos, respetando los principios de transparencia y publicidad.”

Lei 40/2015 de 1 de outubro de Régimen Jurídico del Sector Público:

Artigo 3.1 Principios generales.

Las Administraciones Públicas sirven con objetividad los intereses generales y actúan de acuerdo con los principios de eficacia, jerarquía, descentralización, desconcentración y coordinación, con sometimiento pleno a la Constitución, a la Ley y al Derecho. Deberán respetar en su actuación y relaciones los siguientes principios:

- a) Servicio efectivo a los ciudadanos.
- b) Simplicidad, claridad y proximidad a los ciudadanos.
- c) Participación, objetividad y transparencia de la actuación administrativa.
- d) Racionalización y agilidad de los procedimientos administrativos y de las actividades materiales de gestión.
- e) Buena fe, confianza legítima y lealtad institucional.
- f) Responsabilidad por la gestión pública.
- g) Planificación y dirección por objetivos y control de la gestión y evaluación de los resultados de las políticas públicas.
- h) Eficacia en el cumplimiento de los objetivos fijados.
- i) Economía, suficiencia y adecuación estricta de los medios a los fines institucionales.

- j) Eficiencia en la asignación y utilización de los recursos públicos.
- k) Cooperación, colaboración y coordinación entre las Administraciones Públicas.

Lei 38/2003 de 17 de novembro, General de subvenciones:

Artigo 8.3 b e c.

La gestión de las subvenciones a que se refiere esta ley se realizará de acuerdo con los siguientes principios:

- a) Publicidad, transparencia, concurrencia, objetividad, igualdad y no discriminación.

Boletín Oficial del Estado Legislación Consolidada Página 15

- b) Eficacia en el cumplimiento de los objetivos fijados por la Administración otorgante.
- c) Eficiencia en la asignación y utilización de los recursos públicos.

Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvenciones de Galicia:

Artigo 5.2 b e c.

La gestión de las subvenciones a que se refiere la presente ley se realizará de acuerdo con los siguientes principios:

- a) Publicidad, transparencia, concurrencia, objetividad, igualdad y no discriminación.
- b) Eficacia en el cumplimiento de los objetivos fijados por la administración otorgante.
- c) Eficiencia en la asignación y utilización de los recursos públicos.

Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo:

Artigo 6.1 b e c.

Con carácter xeral, a xestión das subvencións estará presidida polos seguintes principios:

Publicidade, transparencia, concurrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos

Por todo o anterior, dende a Sección de Promoción Económica e Emprego propónse a Xunta de Goberno tomar un acordo para finalizar a tramitación das contas xustificativas do Programa Bono Impulso, en prol do interese xeral e dos principios de eficacia eficiencia das administracións públicas, en aras a beneficiar os establecementos adheridos o programa, no seguinte senso:



1º.- Determinar o inicio do prazo de vixencia dende a data de publicación na web do inicio do prazo para a solicitude dos bonos por parte dos consumidores, sendo o 1 de xuño de 2021, o primeiro día do período de solicitudes, tal e como se publicou na web no seu momento xunto coa apertura do procedemento telemática específico (IMP) na sede electrónica da Deputación de Lugo.

2º.- Rectificar o acordo de Xunta de Goberno do 30 de decembro de 2021, sobre cuantificación de concesións de subvencións os establecementos adheridos ao programa Bono impulso daquelas contas xustificativas presentadas e pendentes de tramitar en aras a manter a dotación orzamentaria e poder incorporala o próximo exercicio, sen prexuízo da cantidade resultante da conta xustificativa, incluíndo o prazo de aprobación de xustificación do gasto e pago máximo, acorde a nova situación, debendo ser esta o 28 de febreiro de 2022 a efectos de aprobación de xustificación do gasto e 31 de marzo de 2022 a efectos de pago acorde os prazos da mencionada convocatoria, que por erro non consta no mesmo.

3º.- Admitir na tramitación da xustificación do gasto e pago do programa a 5 entidades que presentaron a conta xustificativa fora de prazo en aplicación do principio de proporcionalidade.

Nº Expediente	BENEFICIARIO	DNI/ NIF	LOCALIDAD
2021/PES_03/022990	OSCAR PRADO ALVAREDO	33535246G	SARRIA
2021/XIM_01/000493	EL DOTMAS SC	J27510841	LUGO
2021/XIM_01/000490	DABALPER S.L	B27288463	OUROL
2021/XIM_01/000489	PEDRO MANUEL PONCE PAJUELO	20250368H	LUGO
2021/PES_03/024179	ELADIO MANUEL VELEIRO FERNANDEZ	76712908L	RIBADEO

4º.- Admitir na tramitación da xustificación do gasto e de pago do programa a 2 entidades que no momento da solicitude non identificaron todas as localidades onde se ubicaban os seus establecementos e coa presentación da conta xustificativa detectáronse bonos doutras localidades diferentes a solicitude, comprobado no IAE aparecen todas co mesmo NIF, polo que se considera un erro subsanable atendendo o obxectivo do programa, decídese proceder a admisión de todas elas e non minorar as das localidades non solicitadas no momento da solicitude por ser a mesma entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS LISTAXES DE ENTIDADES PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA COÑECE A TÚA PROVINCIA (ANUALIDADE 2022).

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Tendo en conta que a Xunta de Goberno desta Deputación, en sesión celebrada o pasado 30 de decembro de 2021, aprobou as bases reguladoras da convocatoria do programa Coñece a túa provincia (anualidade 2022), o cal ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de excursións dentro da provincia de Lugo para entidades sen ánimo de lucro legalmente constituídas e con sede no territorio provincial.

Tendo en conta que con data 17 de xaneiro de 2022, as bases reguladoras da convocatoria do programa foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 12, abríndose un prazo de 15 días naturais a contar dende o día seguinte desta publicación para que aquelas entidades interesadas puidesen enviar a correspondente solicitude de participación.

Visto que con data 1 de febreiro de 2022 finalizou o prazo de presentación de solicitudes por parte das entidades interesadas, sendo revisadas polo Servizo de Turismo.

Visto o informe do Servizo de Turismo no que se recolle, textualmente:

“A Xunta de Goberno desta Deputación, en sesión celebrada o pasado 30 de decembro de 2021, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2022), o cal ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de excursións dentro da provincia de Lugo para entidades sen ánimo de lucro legalmente constituídas e con sede no territorio provincial.



Con data 17 de xaneiro de 2022, as bases reguladoras e a convocatoria do programa foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 12, abríndose un prazo de 15 días naturais a contar dende o día seguinte desta publicación para que aquelas entidades interesadas puidesen enviar a correspondente solicitude de participación.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes con data 1 de febreiro de 2022 e comprobada a documentación achegada por 171 entidades interesadas, faise necesario, en aplicación da base reguladora 6.1, prestar aprobación por parte da Xunta de Goberno da listaxe de solicitudes admitidas, lista de agarda e solicitudes excluídas.

No que respecta á orde de prelación das listaxe de 135 entidades admitidas que foron incluídas na mesma (Anexo I), de acordo coa base reguladora 6.2 do Programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2022), esta estableceuse conforme á orde de presentación das solicitudes nos correspondentes rexistros, segundo a data e a hora que figuraba na documentación, dando prioridade a aquelas entidades ás que non lles fora concedida unha excursión na edición do programa desenvolvida na anualidade 2021. Tamén en aplicación da base 6.2, as solicitudes nas que xunto coa data non figuraba hora de entrega da documentación, caso das entregadas en oficinas de Correos, estas consideráronse entregadas en último lugar na data correspondente. Igualmente, no único caso no que houbo dúas entidades en cuxa solicitude non figuraba a hora de presentación, sendo esta realizada na mesma data, a orde de prelación estableceuse –tamén en aplicación da base 6.2- segundo orde alfabética tendo en conta a letra inicial do municipio onde teñen a súa sede.

No que se refire ao reconto das prazas asignadas, tomouse como referencia o número máximo de participantes que indicou cada entidade na súa solicitude, establecendo como límite o máximo de 3036 prazas ofertadas. Neste caso, na listaxe de entidades admitidas aparecen asignadas 3016 prazas, non asignando neste momento as 20 restantes ao ter solicitado o primeiro grupo que aparece na listaxe de agarda 23 prazas.

Con relación á mencionada listaxe de agarda (Anexo II), na que figuran 32 entidades, e atendendo á base reguladora 6.3, está formada na súa totalidade por colectivos que participaron na edición 2021 do programa Coñece a túa Provincia. De ser posible dende o punto de vista organizativo, poderán terse en conta estas solicitudes no caso de que algunha das entidades seleccionadas renunciase á súa participación no programa ou no caso de que chegasen a quedar prazas vacantes durante a execución do mesmo para formar grupo, tomando como referencia o número de prazas mínimo (11) e máximo (23) indicado nas bases, así como o número de prazas solicitado polas entidades nas respectivas instancias.

No que se refire á lista de entidades excluídas (Anexo III), inclúense na mesma dous centros educativos e unha comunidade de montes veciñais en man común, ao considerarse que non cumpren coa condición de ser entidades sen ánimo de lucro legalmente constituídas (base 2ª). En concreto, os centros educativos teñen a consideración de organismos públicos e a comunidade de montes veciñais en man común dispón de ánimo de lucro.

Tamén se inclúe un apartado no que consta o desestimento dunha APA que, tendo presentado solitude o 31 de xaneiro, desistiu formalmente o 7 de febreiro (Anexo IV).

Atendendo ao anteriormente indicado, propónse a aprobación pola Xunta de Goberno das listaxes anexas a este informe, nas que se recollen as entidades admitidas, en agarda, excluídas (sinalando debidamente neste caso a causa de exclusión atendendo ás bases da convocatoria).

Do mesmo xeito, infórmase que a teor do establecido na base reguladora séptima, a relación das entidades admitidas e excluídas, así como a listaxe de agarda, será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de acordo co establecido no artigo 45 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Unha vez aprobadas e publicadas as listaxes indicadas, o Servizo de Turismo debe proceder a contactar coas entidades que participarán no programa para a asignación das datas de realización das excursións concedidas. A tal efecto, terase en conta a necesidade de deixar marxe de tempo suficiente ás entidades admitidas para a súa propia organización e inscrición das persoas participantes.

Igualmente, visto que a edición de primavera do programa Coñece a túa Provincia 2022 se desenvolverá entre os meses de marzo e xuño, debe preverse que, tal e como sucedeu na pasada edición de outono de 2021, a medida que se execute o programa, dende o mes de marzo poderían ir quedando prazas vacantes debido a eventuais baixas de última hora de participantes que se poderían producir nos propios días nos que se celebren as excursións, ou ben por motivos de renuncia dalgunha entidade ou ben porque estas puideran non chegar a cubrir as prazas concedidas. Neste senso, dentro do calendario de execución do programa e para unha optimización da asignación das prazas ofertadas, resulta recomendable reservar uns días a finais do mes de xuño para tratar de dar cobertura ao máximo número posible de prazas no que corresponde á edición de primavera e significando que na edición de outono haberá marxe dispoñible no mes de novembro para cubrir posibles vacantes, sempre reiterando a necesidade de deixar certa antelación que permita tanto ás entidades admitidas como en agarda, no seu caso, poder organizarse para participar nas excursións correspondentes.



Ademais, á vista das preferencias de itinerarios indicados polas entidades participantes na súa solicitude, cómpre chamar a atención sobre a elevada demanda existente con relación a determinadas rutas, en concreto no que se refire ás identificadas no anexo III das bases cos números 1 (solicitada como primeira opción por 37 entidades) e 11 (solicitada como primeira opción por 27 entidades). Neste caso, considérase que debe terse en conta a filosofía do programa, entre cuxos obxectivos se recolle que este debe “servir como instrumento de sensibilización das veciñas e veciños sobre o potencial turístico dos 67 concellos da provincia de Lugo e da importancia da preservación do seu legado natural e cultural como elemento que contribúe ao desenvolvemento sostible no eido económico, social e medioambiental”, así como o establecido nos pregos de prescricións técnicas que rexen o contrato de execución do programa, nos que se recolle que “o itinerario e data finalmente asignados a cada entidade estarán en función da dispoñibilidade dos lugares de visita, da procura do maior equilibrio e representatividade posible dos diferentes concellos da provincia no marco do programa (...)”, e o establecido na base reguladora 8.5 do programa, na que expresamente se indica “respecto das visitas a centros e dependencias da Deputación e aos itinerarios sinalados polas entidades como preferentes nas súas solicitudes, terán carácter orientativo e non serán vinculantes para a Deputación de Lugo. A tal efecto, o Servizo de Turismo resérvase o dereito de propoñer outros itinerarios alternativos ás entidades participantes, dentro dos que figuran no Anexo III destas bases”.

Por tanto e, a modo de conclusión, resultaría recomendable valorar a posibilidade de limitar expresamente o número de veces no que se asigne cada itinerario en cada un dos períodos establecidos para a execución do programa (primavera e outono), sempre co fin de cumprir cos seus obxectivos e en aras do maior equilibrio e representatividade dos diferentes municipios da provincia como destino das excursións organizadas. A tal efecto, proponse que o cronograma elaborado polo Servizo de Turismo limite a un máximo de 5 saídas por ruta en cada un dos períodos (primavera e outono).”

(...)

Tendo en conta o informe do Servizo de Turismo que acompaña a este expediente, así como a súa relación anexa de entidades admitidas, listaxe de agarda, listaxe de solicitudes

excluídas e listaxe de desestamentos de solicitude presentados para a participación no programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2022), a Deputada- Delegada que subscribe,

Propón:

Que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Prestar aprobación da listaxe das 135 entidades admitidas para a participación no programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2022) que figura no anexo I do informe do Servizo de Turismo e que comeza coa Asociación de Nenos e Nenas con Diabete de Galicia e remata coa Asociación de Veciños e Cultural "Augas Ferreas de Vileiriz".

2º.- Prestar aprobación da listaxe de agarda formada por 32 entidades que solicitaron participar no programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2022) que figuran no anexo II do informe do Servizo de Turismo e que comeza coa Asociación de Vecinos Sta Eulalia de Esperante e remata coa Asociación de Vecinos Santiago de Requeixo.

3º.- Prestar aprobación da listaxe de 3 solicitudes excluídas para a participación no programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2022) que figuran no anexo III do informe do Servizo de Turismo.

4º.- Aprobar a solicitude de desestimento presentada pola APA do CEIP do Vicedo que figura no anexo IV do informe do Servizo de Turismo.

5º.- Aprobar o calendario definitivo para a realización das excursións, que no período de primavera abarcará dende a semana do 14 de marzo ata o 22 de xuño, exceptuando os días 11, 12 e 13 de abril (Semana Santa), e deixando de marxe entre o 22 e o 30 de xuño para cubrir posibles prazas vacantes con grupos da listaxe de entidades admitidas. No caso do calendario de excursións da tempada de outono, darase comezo a semana do 12 de setembro e estenderase ata o mes de novembro incluído. Neste cronograma/calendario de execución, para o fomento do equilibrio territorial, establécese que o máximo de saídas por ruta en cada un dos períodos (primavera e outono), será de 5.



6º.- Aprobar a publicación das listaxes indicadas nos puntos 1º, 2º e 3º e 4º no Boletín Oficial da Provincia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2021.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 22 de outubro de 2021, onde se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm 138 do sábado de 19 de xuño de 2021, para a concesión de subvencións destinadas á entidades de actividades deportivas; e vista a renuncia presentada polo beneficiario que se indica a continuación, así como o informe do Servizo de Deportes, e a proposta do Sr. Deputado Delegado de Deportes Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

Aceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona polo importe que así mesmo se indica:

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN
Os Anguias BTT	Ruta BTT da Anguia (ciclismo)	629,00 euros

10.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DUNHA ADMINISTRATIVA DE ADMINISTRACIÓN XERAL DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que Dona Blanca Nieves Seijas Ares, Administrativa de Administración Xeral do Cadro de Persoal Funcionario, que ocupa o posto de Xefe/a Unidade II Apoio e Xestión Administrativa Mocidade, cumpre os 65 anos de idade o día 23 de febreiro de 2022, que terá recoñecidos 37 anos, 3 meses e 23 días días de servizos prestados nesta Deputación Provincial, o día 23 de febreiro de 2022, data previsible de xubilación forzosa e que acredita un período de cotización á Seguridade Social superior aos 37 anos e 6 meses.

Tendo en conta que a citada funcionaria non solicitou inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo.

Consideracións de dereito.

O artigo 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia establece:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

(...)”.

O artigo 67 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, preceptúa:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

(...)”.



Con independencia da idade de xubilación forzosa establecida no apartado 3, a idade da xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social será, en todo caso, a que prevexa as normas reguladoras do dito réxime para el acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón da idade.”.

A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2022	37 anos e 6 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 37 anos e 6 meses	66 anos e 2 meses

[...].”

Á vista do sinalado e do informe do servizo de Recursos Humanos, e tendo presente que Dona Blanca Nieves Seijas Ares terá acreditado, á data do 23 de febreiro de 2022, na que cumpre os 65 anos de idade, un período de cotización superior aos 37 anos e 6 meses e non tendo solicitada a prolongación no servizo, propono á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, de data 9 de marzo de 2011 (publicado no BOP número 056, do 10 de marzo de 2011), acorde:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida da funcionaria provincial, Dona Blanca Nieves Seijas Ares, con efectividade do día 23 de febreiro de 2022, derradeiro día que presta servizos a esta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA RELATIVA Á DENUNCIA POR DANOS NA EXPOSICIÓN “GALIZA NO DEPORTE”.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Vista a resolución da Presidencia de data 31 de xaneiro de 2022, cuxo teor literal é o seguinte:

“Tras ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, a teor do seguinte texto:

“Visto o Informe de data 19 de xaneiro de 2022 do Xefe de equipo da vixilancia de seguridade da Deputación no que se describen unha serie de danos nos paneis da Exposición “Galiza, un pobo, unha selección”, en concreto describe a incidencia do seguinte xeito: “Rotura por cortes de 12 lonas da exposición Galiza no deporte situadas na Plaza de San Marcos na noite do 18-01-2022 ó 19-01-2022”.

Visto, así mesmo, o Informe da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica: Servizo de Deporte, asinado polo Xefe de Servizo de Deportes, cuxo teor literal é o seguinte: “Informe de estimación económica relativa aos danos ocasionados nos paneis da Exposición “Galiza, un pobo, unha selección”.

Realízase o presente informe de acordo ás indicacións do deputado delegado da Área de Deportes e relativo á exposición “Galiza, un pobo unha selección”, exposta na Rúa san Marcos, diante do Pazo provincial dende o pasado luns día 17 de xaneiro de 2022 e para os efectos que procedan respecto dos danos producidos nela.

A referida exposición consta segundo datos do expediente de tramitación, de 27 lonas, 18 de 1575 x 2,435 mm e 9 lonas de 1,220 x 1,575 mm. Segundo os datos facilitados polo gabinete de Vicepresidencia e durante a noite que vai do 18 de xaneiro ao 19 de xaneiro de 2022, aparecen danadas 5 lonas das de maior tamaño e 6 das de menor tamaño.



Os importe de impresión das referidas lonas de acordo aos datos de custos que constan no expediente de tramitación serían de de 120 € máis IVE por cada lona de 1575 x 2,435; e de 90 € máis IVE por cada lona de 1,220 x 1,575. Polo tanto o importe das impresións das lonas danadas sería un total de 726 € polas 5 lonas grandes, e de 653,4 € polas 6 lonas pequenas, facendo un total de 1.379,4 €.

A este importe de impresión haberá que engadir os importes derivados dos custos do propio material de soporte de contidos e no seu caso, os gastos derivados da montaxe e desmontaxe e reposición das lonas expositivas danadas.

O que se informa para os efectos oportunos, de acordo aos datos de danos fornecidos polo gabinete de Vicepresidencia e dos datos de custos relativos aos elementos da exposición tirados do expediente de tramitación da adquisición e a salvo dos informes estimatorios que procedan.”

Analizado o contido dos devanditos informes e a reportaxe fotográfica que se achega á presente proposta, o parecer de quen subscribe é que os feitos que nel se conteñen puideran prima facie ter carácter delictivo, en concreto posiblemente un delito de danos tipificado nos artigos 263 a 267 da Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal

Porén dita subsunción e tipificación penal deberá facerse e concretarse, como non pode ser doutro xeito, unha vez que se investigue e comprobren os feitos polas autoridades competentes.

Consta no informe que o mesmo 19 de xaneiro o Xefe de vixilancia procedeu a reportar estes feitos tanto a D. Efrén Castro Caloto (Deputado de Deportes), D. José Rodríguez Pérez (Vixilancia e Portería), D. Ricardo Gracia Macarro (Ilunión Seguridad) e D. Jaime Rodil Páramo (Ilunión Seguridad).

Visto o anterior, e aos efectos de garantir os intereses lexítimos desta Administración Provincial, propono a autorización urxente mediante decreto de Presidencia para:

1º.- A comparecencia a través dos Letrados da Asesoría Xurídica desta Deputación Provincial en concepto de prexudicada e como denunciante ante as Forzas e Corpos de Seguridade

do Estado, Corpo Nacional de Policía, realizando dita denuncia e achegando o dito Informe do Xefe de vixilancia de seguridade de data 19 de xaneiro de 2022, e poñéndose a disposición do Corpo Nacional de Policía para colaborar en canto necesite.

2º.- Que do presente Decreto darase conta á Xunta de Goberno.”

Polo anteriormente exposto, e en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, resolvo:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.”

Polo exposto, o que subscribe, propón á Xunta de Goberno a ratificación da citada resolución.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO SEGURIDADE SOCIAL Nº 247/2020.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Vista a Cédula de Citación relativa ao procedemento Seguridad Social 247/2020 do Xulgado do Social nº 3 de Lugo seguido a instancia de Mutua Gallega de Accidentes de Trabajo IBERMUTUA fronte a D. José Manuel Racamonde Fernández, INSS, TXSS e Sociedad Urbanística Provincial de Lugo, S.A., na que se cita á D. José Manuel Racamonde Fernández e a Sociedad Urbanística Provincial de Lugo, S.A. para que comparezan ante o Xulgado como partes demandadas o día 23 de maio de 2022, ás 9.50h.

Visto que o Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión extraordinaria do 30 de novembro de 2020 adoptou, entre outros, o seguinte acordo: “Proposta da Presidencia, relativa á aprobación dos acordos adoptados pola comisión liquidadora da Sociedade Urbanística Provincial



de Lugo (SUPLUSA), SUPLUSA en liquidación”, entre cuxos puntos se inclúe “4.- Sucesión universal e cesión global do activo e pasivo: Implica a subrogación da Deputación de Lugo na posición xurídica de SUPLUSA respecto dos dereitos e obrigas dos que esta era titular mediante cesión global do activo e pasivo”.

Visto o anterior, propónse á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no procedemento anteriormente referenciado.

2º.- A remisión, de ser necesario, do expediente ao Xulgado do Social nº3 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento, de ser preciso, de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora necesario.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 541/2020.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Vista a Cédula de Citación relativa ao Procedemento Ordinario 541/2020 seguido ante o Xulgado do Social nº1 de Lugo por D. Ramiro Sangiao Cruz, D. José Antonio López Real, D. Jesús Otero Grande, D. Manuel González Pérez, D. Adrián Gerbolés López, D. Miguel Ángel Castañal Fernández, D. Héctor López Bohorque, D. Aitor Castro López, D. Carlos González Gil, D. Albino Díaz González, D. Uxío Souto Castro, D. Javier Bargueiras López, D. José Antonio Montero Barrera, D. José Ramón Ramos Sánchez, D. Manuel Aira Díaz, D^a María Carmen Álvarez Díaz, D. Fernando Besteiro Castro, D. Manuel Villar Álvarez e D. Anibal Basanta Cartea fronte a SUPLUSA, TRAGSA e fronte á Deputación de Lugo en materia de recoñecemento de dereito, para que comparezan ante o Xulgado o día 20 de xuño de 2022 ás 12.15h como partes demandadas.

Visto o anterior, proponse á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no procedemento anteriormente referenciado.

2º.- A remisión, de ser necesario, do expediente ao Xulgado do Social nº1 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento, de ser preciso, de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora necesario.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 363/2021.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se require a esta entidade para que remita o expediente administrativo do recurso nº363/2021-P interposto por Fundación Benéfico – Asistencial Valdegodos fronte á Deputación en materia de liquidación de imposto de bens inmoables de natureza urbana, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Primeira.- *Dación de conta do Decreto nº 4/2022, de 25 de xaneiro, ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo.*

Dase conta do Decreto nº 4/2022 de 25 de xaneiro de 2022, ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, no Procedemento Abreviado 157/2019-L, seguido a instancia de D. Francisco Ramón Pardo Blanco fronte á Deputación en materia de responsabilidade patrimonial, e en cuxa parte dispositiva di: “*Tener por caducada la instancia en el presente proceso, sin hacer expresa condena de costas*”. A Xunta de Goberno queda enterada.

Segunda.- *Dación de conta do Decreto nº 2/2022, de 11 de xaneiro, ditado polo Xulgado do Social nº 4 de Lugo no procedemento: Despido/ceses en xeral 206/2021.*

Dase conta do decreto nº 2/2022 de 11 de xaneiro de 2022, ditado polo Xulgado do Social nº 4 de Lugo, no procedemento despido/ ceses en xeral nº 206/2021, seguido a instancia de D. Óscar Castro García fronte á Deputación e Recría Castro, S.L. en materia de despedimento, e en cuxa parte dispositiva di o seguinte: “*Tener por desistida a la parte demandante de su demanda acordando el sobreseimiento de las presentes actuaciones y el archivo de los autos*”. A Xunta de Goberno queda enterada.

Terceira.- *Dación de conta da Sentenza nº 261/2021, de 29 de decembro, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo no Procedemento Abreviado 267/2021.*

Dase conta da sentenza nº 261/2021 de 29 de decembro de 2021, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, no procedemento abreviado nº 267/2021, seguido a instancia de D. Fernando Arias López fronte á Deputación en materia de responsabilidade patrimonial, e en cuxo fallo di o seguinte: “*Que debo desestimar y desestimo íntegramente el*

recurso contencioso- administrativo interpuesto por la representación procesal de D. Fernando Arias López frente a la Excma. Diputación Provincial de Lugo, seguido como proceso abreviado número 267/2021 contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento de esta sentencia, que se declara adecuada al ordenamiento jurídico. Sin expresa imposición de costas". A Xunta de Goberno queda enterada.

16.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.